



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



CONVOCATORIA DE TRES PRAZAS NA RESIDENCIA SIGLO XXI CON ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Ao abeiro do convenio asinado entre a empresa RESA e a Universidade da Coruña, e co fin de fomentar a aprendizaxe cooperativa entre o estudantado aloxado na Residencia Siglo XXI, faise pública unha convocatoria de axudas de aloxamento e manutención destinada ao estudantado de último curso das titulacións da Escola Técnica Superior de Arquitectura, Escola Técnica Superior de Enxañeiros de Camiños, Canais e Portos e Escola Universitaria de Arquitectura Técnica.

OBXECTO

O obxecto desta convocatoria consiste en tres (3) prazas de residentes na Residencia Siglo XXI que comprenden o aloxamento e manutención gratuítos durante o curso 2013/2014.

CONDICIÓNS

A duración desta axuda será desde o día 9 de setembro de 2013 ata o 30 de xuño de 2014.

As persoas adxudicatarias adicarán 6 horas semanais á titorización daqueles residentes da súa titulación que estean matriculados en cursos inferiores ao último, que así o requiran.

Os horarios serán establecidos polas persoas beneficiarias; serán flexibles e non interferirán co seu horario académico.

A dirección de cada centro designará a un/ha profesor/a de referencia para o seguimento das tarefas realizadas.

REQUISITOS

Estar matriculado no último curso da titulación de Arquitectura, Enxañeiro de Camiños, Canais e Portos e de Arquitectura Técnica.

Estar aloxado ou aloxarse no caso de ser unha das persoas adxudicatarias na residencia Siglo XXI.

DOCUMENTACIÓN

Expediente académico. Valerá o expediente impreso desde a Secretaría Virtual do Estudiante que se emite coas medias correspondentes.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Expediente académico global, calculado segundo a Resolución do 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de selección estará formada polo director, (ou persoa en quen delegue) o secretario/a e un representante do alumnado de cada centro.

RESOLUCIÓN

A resolución comunicárase á Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura que a publicará páxina web da UDC na sección Actualidade. Así mesmo cada Centro faraa pública nas súa páxina web, con data límite do día 15 de xullo.

ACEPTACIÓN/RENUNCIA

A partir da publicación haberá un prazo de 5 días para aceptar ou renunciar. Serán válidas as aceptacións ou renuncias realizadas por correo electrónico.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes presentaranse no Rexistro de cada un dos centros.

O prazo de presentación será dende o día da publicación desta convocatoria ata o 30 de xuño de 2013.

A Coruña, 27 de maio de 2013

A Vicerreitora de Estudantes, Deporte se Cultura



M^a José Martínez López

